
*ADDENDA Á PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO
DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA PARA O
CURSO 2022-2023*



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

 **I.E.S. Terra de Soneira**

En aplicación da información recibida na reunión do 13 de outubro da comisión de coordinación pedagóxica, o Departamento de Xeografía e Historia do IES Terra de Soneira modifica a súa programación didáctica para o presente curso 2022-2023, no seu Apartado V . ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES, quedando redactado do seguinte modo:

V. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Ao principio do curso os profesores informarán ao alumnado coa materia pendente de como poderán recuperala. Tanto para os pendentes da ESO, como para os de Bacharelato, o profesorado do Departamento de Xeografía e Historia estará á súa disposición para aclarar dúbidas.

O alumnado coa materia pendente terá que realizar unha serie de exercicios de cada unidade didáctica, dun cartafol entregado polo profesor, que serán entregados antes de cada proba escrita, nunha data previamente establecida. En cada trimestre haberá unha proba escrita a partir dos mesmos exercicios presentados feitos polo alumnado.

Cada unha das tres avaliacións terá unha cualificación que será 1/3 da nota final, a partir dos seguintes criterios de cualificación:

- O 20% da nota se dedicará á valoración do traballo do alumnado a partir dos exercicios establecidos.
- O 80% da nota será para valorar os exames. En calquera caso, o comportamento desleal na realización dun traballo ou dun exame (copiar, cambiar os folios do exame, recibir información por medios externos, ou calquera método desleal) será puntuado cun 0.

Considérase que un alumno acada os obxectivos marcados na materia para a súa promoción cando consegue unha nota mínima dun 5 na avaliación ordinaria. Esta nota obterase do cálculo da media aritmética das tres avaliacións.

En caso de non acadar a avaliación positiva, o profesorado realizará unha proba escrita durante o mes de maio, onde o alumnado deberá mostrar a consecución dos estándares de aprendizaxe mínimos da materia e das competencias clave.